



Tras as pegadas do *ahz'ib'* maia.

Literatura indíxena como fonte de saber, poder e identidade

Víctor Montejo¹

Guatemala/Estados Unidos de América

Introdución

Desde que o *Popol Vuh*, *Analeis de los Kaqchikeles* e outros títulos foron escritos, xusto despois da conquista de Guatemala polos españois, por homes indíxenas que aprenderan a ler e escribir en castelán, ningún outro texto deste tipo foi escrito polos maias de Guatemala nos pasados cinco séculos durante a época colonial e moderna (anos 1980). Só recentemente, a creación e a produción de literatura indíxena chegaron a ser un fenómeno novo, sobre todo como resultado da revitalización xeral da cultura maia e da reafirmación da identidade maia. Moitas xeracións viviron sen a posibilidade de acceder á lectura, dado que co novo e imposto idioma colonial, o español, a poboación indíxena converteuse en iletrada.

Desde esta traxedia histórica e humana chamada conquista e colonización, a antiga tradición maia da escrita foi borrada e destruída polos misioneiros que acusaban os indíxenas de practicar a idolatría e de seguir as ensinanzas do demo. O sistema de escritura xeroglífica, que cubría as paredes e as escaleiras dos templos e as escaleiras ou que aparecía tallado en pedras chamadas estelas, foi ignorado. Noutras palabras, o sistema de escritura da civilización máis sofisticada do chamado Novo Mundo, non recibiu a mesma consideración que os sistemas de escritura doutras culturas antigas, como Mesopotamia e Exipto.

Ademais das escrituras en superficies duras e sobre pedra, os antigos maias tamén escribían textos sobre papel e pel de cervo, os chamados códices. Entre os códices conservados ata hoxe en día e mellor estudados atópanse, entre outros, o Codex Dresden, o Codex Madrid, o Codex Paris e o Codex Grolier. Xusto despois da conquista, os maias seguían escribindo libros e códices, e cóntase que os devanditos códices, que hoxe en día aínda existen, eran agasallos que os nobres maias de México e

¹ Escritor, antropólogo e profesor no Department of Native American Studies da University of California, Davis. Como descendente do pobo maia *jacalteca*, a súa obra literaria reflicte o seu coñecemento dos idiomas e a cultura maia. Na actualidade, as súas investigacións céntranse nos pobos indíxenas de América Central e no proceso de creación literaria.



Guadalajara lles entregaron aos conquistadores españois, e que despois de cruzar o Atlántico foron encontrados por casualidade. A existencia destes textos escritos demostra a complexidade dos idiomas maias, dado que aparecen ilustracións que forman logogramas cun significado simbólico complexo.

A escritura xeroglífica maia seguía practicándose en segredo, mesmo baixo a imposición do cristianismo, pero os misioneiros españois perseguían os *ahzib'* ou escritores maias por desafiaren a súa autoridade dos misioneiros españois. Este foi o caso dos homes sabios maias, os *chilam b'alam* (os sacerdotes xaguar), que foron condenados a duros castigos polo bispo de Iucatán, Diego de Landa. Como di na súa “Relación de las cosas de Yucatán” (1566), Diego de Landa xustificaba a súa acción destrutiva co seguinte comentario: “Encontramos un gran número de libros con estes signos, e, como contiñan o que non parecía ser outra cousa que superstición e mentiras do demo, queimámoslos todos, o que eles (os maias) lamentaron dunha maneira sorprendente, e o que lles causou unha gran dor”.

Despois de queimar os libros dos maias, Landa foi reprendido polos seus superiores, e máis tarde decidiu reescribir as historias dos pobos indíxenas, creando a súa propia versión da escrita maia, o agora chamado Alfabeto Landa. O feito de que Landa intentase forzar un sistema de escritura maia totalmente alleo no sistema alfabético demostra a súa falta de interese en recoñecer as escritas e o sistema de coñecementos dos maias.

Forzados a traballos manuais e sen acceso á educación, xeracións de maias viviron sen coñecementos do sistema de escritura europeo e medraron totalmente analfabetos en ambos os sistemas, o maia e o europeo. Foron séculos de abandono, e para os indíxenas a única forma de manter as súas historias e os seus coñecementos era a través da cultura oral. A marxinação dos indíxenas da educación foi un abuso tremendo dos seus dereitos humanos, e así xestouse o estereotipo do indio parvo, que durante séculos serviría de xustificación para a discriminación e o tratamento racista que sufriron os pobos indíxenas de América.

Só na década dos anos setenta do século pasado a tradición da escritura maia tomou un novo rumbo novo, cando os indíxenas empezaron a loitar polos seus dereitos e identidades indíxenas. Volvéronse conscientes da necesidade de manter os seus



idiomas e as súas culturas nativas con vida. O libro maia máis importante, *Popol Vuh*, recibiu un amplo recoñecemento como o conxunto máis extraordinario de escritura e intelectualidade creativa maia en América. De feito, o *Popol Vuh* segue a ser considerado a maior contribución literaria dos pobos indíxenas ás literaturas do mundo. Este texto sagrado foi publicado en moitos idiomas e inspirou a moitos autores, entre eles a Miguel Ángel Asturias, o escritor guatemalteco que gañou o Premio Nobel de literatura en 1976.

Escribir como servizo á comunidade

A interrupción da escrita en maia rematou cando os pobos indíxenas empezaron a escribir literatura nas súas propias linguas maias. O único camiño para saír da escuridade na que os pobos indíxenas foran sumidos durante séculos era escribir en maia, pero utilizando o alfabeto latino. Isto só foi posible despois de que a primeira xeración de maias fose educada en internados, para despois converterse nos primeiros profesores maias nas escolas na década dos setenta. Este foi o meu caso, pois sendo un neno maia, fun educado nun internado católico (Colexio Fray Bartolomé de las Casas), construído na miña cidade, Jacaltenango, por misioneiros de Maryknoll. Malia a dura disciplina, só uns poucos tiveron a fortuna de recibir educación nestes internados en Guatemala. Como resultado, moitos destes homes novos volveron ás súas comunidades como profesores de escola e decidiron escribir sobre a cultura de seu. Nestes anos non era doado escribir ou mesmo continuar na escola. A educación era un privilexio que non se lles concedía ás persoas indíxenas. Pero tamén para moitas persoas maiores, a educación foi vista como a causa de moitos problemas, dado que os nenos se volverían preguiceiros e perderían o respecto aos maiores. Tamén lembro que existían moitos mitos que lles impedían ás persoas indíxenas obter educación, polo menos ler e escribir. Así que, decote, nosos pais dicían que a educación era o camiño das persoas lacazanas. Cando regresaba á casa e lle contaba a miña nai que estaba lendo moito, ela advertíame do chamado “mal do texto”. Dicía que non era bo ler de máis porque isto me podía volver tolo. *Tajchach lokob’itoj yu hawilni te’ humtu’* (Podes volverte tolo por ler tanto). Eu ría de miña nai, pero penso que ela estaba repetindo un mito que fora utilizado para manter os nenos afastados da lectura e da aprendizaxe. Ou talvez era unha historia dos



antigos maias na cal un *ahtzib'* (escritor) ou un *chilam* (adiviño) toleaban ao leren e escribiren antigos (sagrados) documentos.

Empecei a ler todo tipo de textos, sobre todo cómics, como Tarzán ou Supermán, e máis tarde lin o *Popol Vuh* e contos populares clásicos, como por exemplo Brancaneves, Carapuchiña Vermella, Cincenta, etc. Lía historias que procedían doutras partes do mundo, e empezaba a reflexionar sobre as historias que de neno me aprenderan meus pais e os anciáns da comunidade. Toda a literatura infantil escrita que lía era en español. Para min era inconcibible que unha persoa india puidese escribir libros e literatura. O idioma maia estaba prohibido no colexio e non se consideraba un idioma, senón un dialecto que non servía para expresar conceptos complexos e abstractos. Esta era a idea máis común sobre os idiomas maias cando era neno. É difícil soñar con ser escritor cando a túa cultura é considerada un relicto do pasado e o teu idioma está desvalorizado. Isto é o que a maioría das persoas non-indíxenas opinaban da cultura maia, e nós, os maias, tiñamos que aturar a discriminación e o rexeitamento da nosa forma de vida.

Pero daquela descubrín que o *Popol Vuh* fora escrito orixinalmente nun idioma maia e que fora transcrito ao español polo frade Francisco Ximénez, que no ano 1703 atopara o manuscrito na súa igrexa en Santo Tomás de Chichicastenango, Guatemala. O *Popol Vuh* aprendeume tres leccións importantes. Primeiro, que era posible escribir literatura en idiomas maias. Segundo, que era posible escribir mitos fundacionais e contos populares maias co mesmo valor literario que os mitos fundacionais occidentais. Terceiro, que o *Popol Vuh* se escribira como servizo á comunidade, porque constituía o esforzo de documentar os mitos fundacionais daqueles pobos que estaban sendo dominados pola conquista e a cristianización. O autor maia tiña que escribir no seu propio idioma utilizando os caracteres latinos, porque xa fora educado polos misioneiros. Ao documentar as historias, os lugares e a xenealoxía dos pobos orixenarios deste país, estaba afirmando que eran os habitantes destas terras os que foran os seus donos desde tempos inmemoriais. Ao facer este esforzo, o *ahtzib* utilizaba a escrita para loitar polos dereitos do seu pobo. Utilizaba a escrita como servizo á comunidade porque quería establecer que o pobo era orixinario destes lugares e que tiña historias que se remontaban a milleiros de anos atrás.



Foi así como entendín a literatura maia. Que a habilidade de escribir é un don e que estes escritores americanos nativos tiñan que utilizar o seu talento para reforzar os seus pobos e as súas culturas. Daquela escribir convértese nunha misión e as palabras convértense en armas que han de ser usadas para asegurar a nosa supervivencia e presenza na terra coas culturas e identidades que nos distinguen.

A miña primeira experiencia como escritor maia

Dado que crecín nunha comunidade rural maia na Guatemala occidental, afastada das cidades e da tecnoloxía, a miña primeira aprendizaxe tiña que provir da tradición oral da miña vila *jakalteka*. O mesmo que os demais nenos indíxenas da vila, vivía unha vida moi próxima á natureza, e a través dos mitos e as lendas sobre os arredores da miña vila tomei conciencia dos heroes culturais e dos devanceiros que viviran nas montañas, protexendo a vila durante milenios. Todos os nenos tiñan un forte vínculo coa terra e coa comunidade, e medramos sabedores de que a terra e mais os ríos tiñan espíritos de creación e que tiñamos que ser respectuosos coa natureza e co medio natural.

A unha idade temperá aprendín historias tradicionais, contos populares e fábulas, e a través desta tradición oral, os valores dos maias foron transmitidos ás xeracións novas. Cando me enviaron a estudar ao internado, aínda podía lembrar as historias que aprendera na miña infancia e que me fixeron consciente de que pertencía a unha tradición antiga que me proporcionara unha forte identidade maia. Cando rematei a educación primaria, obtiven unha bolsa para estudar ensino medio nun seminario dunha cidade lonxe de onde nacera. Empecei a ler libros e historias sobre a vida dos misioneiros. Primeiro pensei que unha persoa tiña que viaxar por todo o mundo para ter ideas e escribir libros.

Como nacera nunha aldea maia, afastada de escolas e bibliotecas, medrei pensando que só os *ladinos* terían a gran sorte de poder facer realidade os seus soños. Eles tiñan máis posibilidades de recibir unha educación que as persoas indíxenas; e podía ver esta exclusión na miña aldea, onde a maioría da xente era analfabeta. A vida nas aldeas maias ou na Guatemala rural era unha vida de descoido e abandono. A cultura maia era vista como un obstáculo ao progreso, e os habitantes orixinarios das



vilas foron chamados *indios* nun senso pexorativo, utilizado para insultar e discriminalos. “Daquela pregunteime cal era a validez da miña cultura maia. Era unha cultura rica abondo como fonte para a escritura? Debería unha persoa maia soñar sequera con escribir? Estes eran os meus conflitos internos mentres lía libros por diversión” (Montejo, 1998: 198).

Pero o meu forte interese e desexo de escribir desenvolveuse como resultado dun soño profético. Durante estes anos de educación, ao empezar a interesarme cada vez máis polos libros, unha noite tiven un soño que non podía esquecer. No meu soño, víame a min mesmo e a outros homes novos camiñando por un vieiro no bosque e logo empezando a gabear un pequeno outeiro. Os meus amigos seguíronme ata chegarmos ao cumo do monte onde vin un milleiral. Sorprendinme ao ver que no cimo do outeiro había un clareiro redondo no medio do milleiral, e que no centro deste clareiro había unha mesa cunha morea de libros enriba. A carón da mesa había unha cadeira, pero non había xente preto. Por algunha razón, os amigos que me seguiran ata o cumio do outeiro xa non estaban alí, só o milleiral que me arrodeaba. Movido pola curiosidade, achegueime á mesa cos libros e collín un na miña man. Instintivamente, lin o seu título, e daquela mirei o nome do autor. Para a miña sorpresa, o nome do autor do libro era Víctor Montejo. Amoseilles o libro ás persoas que estaban ao meu redor, é dicir, ao milleiral, e despois collín outro libro da morea e lin o nome do autor: Víctor Montejo. Alí había varios libros, e todos estaban escritos polo mesmo autor, Víctor Montejo. “Espertei con moita curiosidade, e daquela empeceime a preguntar a min mesmo: É posible que eu, Víctor Montejo, no futuro escriba libros? Non deixei de remoer neste soño durante moito tempo, para lembrar unha posible misión que tería que levar a cabo a prol do meu pobo. Para os maias, os soños son importantes, como unha ventá a través da cal podes observar o futuro” (Montejo, 1998: 200).

Despois deste soño, comecei a reflexionar sobre a importancia de escribir e de documentar a tradición oral do meu pobo. Os pobos indíxenas seguían sufrindo baixo o dominio dos *ladinos*, os indíxenas sempre foron considerados como man de obra barata, dócil e obediente aos seus patróns. Tanto as súas contribucións culturais á humanidade como os seus dereitos como seres humanos seguían sendo ignorados. Baixo estas circunstancias, o seu sistema de coñecementos e os seus valores culturais estaban



esmorecendo. Os anciáns, ademais, comezaban a negarse a contar as súas historias, xa que os seus coñecementos se consideraban obsoletos, como un remanente do pasado e a razón do atraso dos indios.

Por esta razón considero que escribir é unha misión para a comunidade, porque necesitamos escritores que documenten as nosas propias historias e que promovan os dereitos e identidades indíxenas. É preciso recoñecer e promover culturas indíxenas. Sabemos que os maias de hoxe en día poden ser creativos e produtivos, o mesmo que os seus devanceiros, sempre que se lles dea unha oportunidade. Con estes supostos, decidín escribir, ao primeiro sobre os sonhos de meu avó, unha historia que era realmente un relato dunha experiencia próxima á morte. Decidín escribir este relato porque tiña algúns elementos en común coa viaxe dos xemelgos heroes en *Xiwb'alb'a*, cando derrotan o señor do inferno. Tamén lera o inferno da *Divina Comedia* de Dante Alighieri, unha historia que se asemellaba moito á de meu avó. Era difícil publicar este relato, porque só era un mozo estudante maia que non atopaba os recursos necesarios para a publicación da súa primeira novela.

Cando me licenciéi como mestre de escola primaria, decidín utilizar a tradición oral e rescatar as ensinanzas morais que transmitían os contos populares e fábulas maias. Para min foi doado redactar as historias no idioma dos maias *jakaltekas* e en castelán e reelaboralas dunha forma literaria, porque había unha importante falta de material didáctico nas escolas rurais nas que daba clases.

Decátome da riqueza da cultura maia e de que desafortunadamente ningunha persoa maia estaba escribindo para o seu propio pobo. Empecei a reflexionar sobre a miña herdanza maia e decidín escribir historias e lendas que estaban desaparecendo da cultura oral. Era necesario documentar as historias orais dos pobos maias para asegurar o noso lugar no mundo moderno, que estaba asimilando con forza as xeracións de mozos maias. Aínda que xa tivera a mala experiencia de non atopar unha editorial para o meu traballo, insistín en escribir para preservar e promocionar a cultura maia. Foi así como escribín o *Q'anil: The Man of Lightning* (Q'anil: o home raio) que foi publicado nos Estados Unidos nunha edición bilingüe en 1982, 1984" (Montejo, 1998).

Escribir para os nosos nenos

A creación da miña primeira obra publicada tiña a súa propia historia. De acordo cos mitos fundacionais, os maias *jakaltekas* recibiran un territorio de *Jich Mam*, o Primeiro Pai, que daquela rodeou a cidade con lóstregos para protexer os seus fillos.



Cando eu era un cativo, a primeira historia que lles contaban aos nenos *jakaltekas* era a de *Q'anil*, o home raio. A unha idade temperá, os nenos aprendían no seu idioma maia dos anciáns as historias de *Xuwan Q'anil*, o heroe maia *jakalteka*, que deu a súa vida para salvar o seu pobo. Tratábase de que os nenos se identificasen coa súa historia e asemade aprendesen como os seus heroes culturais se inmortalizaron e mesmo se materializaron nos outeiros, as paisaxes e a xeografía sagrada arrededor da vila.

É importante que exista un heroe co que os nenos se poidan identificar como membros dunha determinada sociedade e cultura. Os anciáns insistían en que *Q'anil* era o irmán de *Jich Mam* ou *Balunh Q'ana* (9 serpes) que era o fundador de *Xajla'*, Jacaltenango. Desta maneira, os nenos podíanse identificar, a partir da cultura e a paisaxe nas que crecían, cunha sociedade maia concreta que tiña unha forte e fonda historia enraizada na paisaxe. As historias da tradición oral reforzan a identidade maia e estas historias convértense nunha fonte de ensinanza maia, dado que foron contadas aos mozos e aos nenos en idiomas maias. Era moi habitual que se contasen historias nas aldeas maias ata a década dos noventa, cando a televisión, os radiocasetes, as cintas de vídeo e os teléfonos móbiles empezaron a estar ao alcance de todo o mundo. Empecei a observar a desaparición dos contacontos na Guatemala rural durante o conflito armado dos oitenta. A xente tiña medo de falar e de contar historias, xa que era perigoso xuntarse nun lugar, porque o exército sospeitaba de todo tipo de xuntanzas e comunicación entre os habitantes das aldeas. Foi durante estes anos cando intensifiquei a miña redacción de historias e tradicións orais dos maias *jakaltekas*, nun esforzo para documentar aquilo que me parecía estar a piques de desaparecer.

Estaba interesado no meu idioma maia e preocupábame que as historias que aprendera de neno puidesen perderse para sempre. Por isto interesábame escribir no meu propio idioma maia, para que o mundo puidese saber da existencia destes idiomas ou polo menos escoitar os seus sons. Á parte, cumpría escribir as nosas historias para xeracións futuras, para poder compartir o coñecemento e a sabedoría maia co mundo. Foi así como comecei a escribir os meus libros, prestando atención aos contacontos, sobre todo a aquelas historias que escoitara durante a infancia. Lembro que “cando quería escoitar a miña nai contar historias maias, achegaba a miña pequena cadeira ao lume da cociña onde ela adoitaba cociñar tortillas, pedíndolle: Nai, contemos historias



de novo”. Daquela, ela contábame a historia da pequena pomba salvaxe que tiña unha ferida na pata.

Tolob' yet payxa tu'
Hun ni'an kuwis hab' xhqanni
Hunoq bara, maka kab'oj bara manta
Haxkam q'ahil hab' yoj no' yalni.

Haktu' hab'xin chu sq'anni no'
Hunoj bara, maka kab'oj bara manta
Yu skolni sb'a no' tet chew.
Yaj ha yet xhq'amb'elax tet no'
Tzet ye no'
Hakti' hab' chu sta'wi no' lah.

Mis, mis k'uxumtoj tx'ow,
Tx'ow, tx'ow holom b'itz'ab'
B'itz'ab' mach xchanik'oj kaq'e';
Kaq'e', kaq'e' ch'inik'oj asun
Asun, asun ch'ok yinh sat tz'ayik,
Tz'ayik, tz'ayik smaq'nitanhoj chew;
Chew, chew xhq'anitoj wojan.

“Naqueles tempos antigos...
había unha pomba salvaxe que pedía
unha ou dúas medidas de tea de algodón
porque, dicía, romperá a pata.
Seguía preguntando e preguntando
por unha medida ou dúas de tea de algodón
para termar do frío.
Pero sempre que lle preguntaban
cal era o problema
contestaba isto:
Gato, gato que come e come ratos;
ratos, ratos que roen, mordendo buracos nos muros;
muros, muros que frean o vento,
vento, vento que leva as nubes;
nubes, nubes que tapan o sol;
sol, sol que mata o frío;
e frío, frío que manca a miña pata”
(Montejo, 1992: 13-14).

Como xa mencionei máis arriba, o *Popol Vuh* foi un libro que me axudou a entender e valorar a cultura e a tradición literaria dos maias. Neste texto sagrado sobre a creación e as orixes, os homes foron creados coa axuda e o apoio de plantas e animais, xa que os seus corpos estaban feitos de millo, unha planta que atoparon diversos animais: o puma, o papagaio e o corvo. Deste xeito, os seres humanos recibiron a misión de respectar e protexer a vida de todos os seres vivos da terra. Como profesor, pareceume que os nenos deberían aprender esta lección sobre o respecto e a gratitude na



escola; foi esta a razón que me levou a escribir unha versión do *Popol Vuh* para lectores novos (Montejo, 1999).

Podería dicir que na miña infancia fun educado en estreito contacto coa natureza e aprendín a apreciála. Foi así como empecei a escribir as fábulas maias que máis tarde utilizaría como material de lectura nas miñas clases cando necesitaba libros de texto. Algunhas das historias que xuntei en *The Bird Who Cleans the World and Other Mayan Fables* (O paxaro que limpa o mundo e outras fábulas maias) xurdiron de experiencias persoais ou anécdotas que vivín durante a miña infancia. Un supoñer, a historia de *Who Cuts The Trees Cuts His Own Life* (O que corta árbores corta a súa propia vida) foi unha ensinanza que aprendín cando seguín a meu pai ao milleiral. El comprárame un machado pequeno que estaba probando cortando árbores pequenas na beira do camiño que levaba ao milleiral. De súpeto, meu pai detívose e díxome que nunca debería cortar árbores só por diversión. Porque a persoa que facía iso acurtaba a súa propia vida e morrería devagar (Montejo, 1991).

Era necesario redactar estas historias para xeracións futuras, porque a medida que as forzas da modernización se introduciron nas comunidades maias, estábanse abandonando e esquecendo os contacontos tradicionais. Eu sentíame obrigado a seguir adiante con esta misión, asegurar que as ensinanzas dos meus devanceiros fosen rescatadas e utilizadas para inculcar valores morais e coñecementos sobre a vida da comunidade. Tamén desexaba deixar testemuña dos valores de respecto, unidade e reciprocidade que existían entre as persoas e o contorno natural así como co mundo sobrenatural. De sentir gratitude pola creación e de ser o gardián dos demais seres viventes cos que coexistimos na Terra.

Outra importante achega do maia *ahz'ib'* é asegurar que os idiomas indíxenas persistan e non permitir que se extingan. Por esta razón, os pobos indíxenas consideran que escribir é un servizo á comunidade, porque se manteñen, restauran, reviven e promoven os idiomas indíxenas como instrumentos para escribir literatura para os nosos nenos e os nenos do mundo. Os escritores indíxenas de hoxe son pioneiros, coma min, xa que eu fun o primeiro na miña familia de agricultores de millo en recibir educación. Meu pai e miña nai non foron ao colexio e eles non entenden o mundo da literatura indíxena do que agora formo parte e á que contribúo. Meu pai nunca tocou unha



máquina de escribir, senón só o seu machado para limpar o milleiral das malezas, pero aínda así, el e miña nai quixeron que aprendese e estudase español para poder defenderme perante o mundo *ladino* que discriminaba os pobos indíxenas, chamándoos indios estúpidos e atrasados. A través da miña educación alén da miña comunidade aprendín a tratar e a vivir cos dous mundos, aproveitándome das vantaxes de ambas as culturas e idiomas que agora utilizo para a miña escrita académica e creativa.

Conclusión: Descolonización e sobrevivindo ao “mal do texto”

Como escritor maia saído dunha das aldeas máis remotas no oeste de Guatemala, podo dicir que sobrevivín ao “mal do texto”, esa idea que moitas nais lles contan aos seus fillos para que teñan coidado con non ler de máis porque a lectura podería cambiar as súas mentes e volvelos tolos. Este mito prevaleceu durante séculos e poida que exista unha historia pre-hispánica que fale dun *ahtzib’* (escritor) que se cadra toleou por mor dos seus textos xeroglíficos. No meu caso, utilicei os idiomas maia, español e inglés para escribir e producir literatura e, grazas a Deus, aínda non toleei!

É importante saber máis sobre os pobos indíxenas de América e aprender a escoitar e respectar as súas voces. Estas foron voces marxinaadas dos subalternos. Temos que entender que os pobos indíxenas son persoas que pensan e que producen sabedoría e literatura. É hora de acabar coa crenza dos colonizadores de que os pobos indíxenas necesitan outros que falen por eles e que a súa produción intelectual non pode chegar a ser máis que folclore. Guatemala, un supoñer, é un país cheo de múltiples expresións culturais e produciu unha literatura extraordinaria baseada nas ideas e a visión do mundo dos maias. Este é o caso da produción literaria de Miguel Ángel Asturias que no ano 1967 gañou o Premio Nobel de Literatura pola súa obra literaria, como *Hombres de Maíz*, inspirado no *Popol Vuh* e a cultura maia, unha corrente da literatura mundial denominada “realismo máxico”.

Nas tres últimas décadas os escritores maias produciron un corpus de literatura como resposta á súa misión a favor da súa comunidade e como unha loita permanente contra o colonialismo, para que os maias poidamos representarnos a nós mesmos. Entre os escritores maias máis coñecidos atópanse na actualidade Rigoberta Menchú, Humberto Akab’al, Gaspar González, Francisco Morales Santos, Víctor Montejo, e



outros moitos que nestes momentos están emerxendo como poetas e escritores. Pero aínda queda moito por facer, porque seguen existindo as barreiras á produción de literatura e publicacións maia. O *ahtz'ib'* maia necesita loitar para emerxer triunfante sobre os estereotipos e o tratamento racista que reciben os maias en Guatemala. Neste proceso, é importante o recoñecemento e a promoción dos idiomas maias, porque os escritores maias crean literatura nos seus propios idiomas ao tempo que en español. Escribir en idiomas maias e en español significa ter o control do idioma, do poder de elixir as palabras e as imaxes que describen a nosa vida, e os medios para controlar os nosos propios destinos, pasado, presente e futuro.

Bibliografía

MONTEJO, Víctor D. (1982, 1984), *Q'anil: El Hombre Rayo*, Carrboro: NC, Signal Books.

— (1991), *The Bird Who Cleans the World and Other Mayan Fables*, Connecticut: Curbstone Press.

— (1998), “The Stones Will Speak Again: Dreams of an *ahtz'ib'* (writer) in the Maya Land”, en *Speaking for the Generations: Native Writers on Writing*, Tucson: University of Arizona Press.

— (1999), *Popol Vuh: Sacred Book of the Mayas*, Toronto-Canada: Groundwood Books.



Leer el Mundo
Read the World
Ler o Mundo